

OS CONSELLOS DE ALICE

Nicolas Pariser, 2019

628

ESTREA EN NUMAX: 17.01.2020 | V.O.S.E. | TP

Alice et le maire (2019, 105')

Dirección: Nicolas Pariser

Guión: Nicolas Pariser

Elenco: Fabrice Luchini, Anaïs Demoustier, Nora Hamzawi, Léonie Simaga, Antoine Reinartz, Maud Wyler, Alexandre Steiger, Pascal Rénéric, Thomas Rortais, Thomas Chabrol

Son: Jérémy Hassid

Fotografía: Sébastien Buchmann

Montaxe: Christel Dewynter

Dirección de arte: Wouter Zoon

Vestuario: Anne-Sophie Gledhill, Indiana Sylla

Música: Benjamin Esdraffo

Produtora: Bizibi, Scope Pictures (Francia)

Distribuidora: Alfa Pictures

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Francés

PREMIOS E FESTIVAIS

Quincena dos Realizadores Cannes 2019 (Premio Europa Cinemas), Donostia 2019 (Perlas)

FILMOGRAFÍA

El gran juego, 2015

La République, 2010

SINOPSE

O alcalde de Lyon, Paul Théraneau, encontrárase nunha situación delicada: tras 30 anos de carreira política, cada vez lle resulta máis difícil propoñer novas ideas ou alternativas, encontrándose en medio dun baleiro existencial. Para superar esta crise, Paul contrata a unha moza e brillante filósofa, Alice Heimann. As súas personalidades, totalmente opostas, desestabilizan os seus respectivos mundos.

«Unha exploración divertida e conmovedora da forma en que vivimos a través de dúas xeracións»

Lisa Nesselson, SCREENDAILY



“A miña débeda con Éric Rohmer é infinita”

Entrevista con Nicolas Pariser

Cal é o punto de partida do filme?

No inicio estaba o desexo de traballar con Fabrice Luchini, que é un actor que admiro desde hai tempo. Ademais, teño tendencia a acumular moreas de proxectos non necesariamente similares que mesturo para facer cada filme. Hai varios anos vin o documental *Le président* (2010), de Yves Jeuland, e deume ganas de facer unha ficción sobre un presidente rexional sempre acompañado por unha moza asistente. Por outra banda tiña en proxecto contar a historia dunha muller nova que non sabe que facer na vida. Ela estuda ciencias, interésalle a política, fai teatro... digamos que busca a súa propia vocación. Comecei a mesturar estas dúas ideas pero tiña a sensación de que me faltaba algo máis. Aí é onde pensei en *El hombre sin atributos* de Robert Musil. O primeiro filme que realicei sendo aínda estudante era unha adaptación libre do libro. Sempre foi un texto fundamental para min e servíume para fundir estes dous proxectos.

Vendo o filme semella obrigado pensar en *El árbol, el alcalde y la*

mediateca (1993), e en xeral no cinema de Éric Rohmer. Digamos que a obra de Éric Rohmer no seu conxunto é unha influencia importante para min. Nun primeiro momento, quería que o filme fose unha sucesión de escenas entre Alice e o alcalde, unha sorte de diálogo filosófico, pero decateime de que sería algo teórico de máis. Logo tentei compoñer un guión organizado arredor de grandes escenas de diálogo, que é un pouco como se estruturan os filmes de Rohmer. A miña débeda con el, como cineasta e como mestre, é infinita.

Por que elixiches filmar en 35 mm?

En primeiro lugar porque non me gusta moito o dixital, a imaxe que ofrece paréceme polo xeral fea. Por suposto que hai filmes gravados en dixital que son soberbios pero é porque foron xa pensados para o dixital. Penso en *Neon Demon* (Nicolas Winding Rfne, 2016), *Corrupción en Miami* (Michael Mann, 2006), os filmes de Abdellatif Kechiche ou a derradeira tempada de *Twin Peaks* de David Lynch. Infelizmente hoxe o dixital impúxose por unha cuestión económica, sen reflexionar o que isto implica. Creo que non podemos pasar do celuloide ao dixital sen pensar no que perdemos ao pasar dun soporte a outro.

O personaxe de Luchini é ambiguo: ao contrario que os que o rodean, sabe que deixou de pensar. Eu non son quen de desprezar por completo aos políticos. De feito, paréceme estéril detestalos.

Podes detestar e combater un sistema de dominación pero depositar toda a responsabilidade nos políticos paréceme absurdo. Por outra banda non quería ser indulxente nin quedarme coa frase doada de *el só tenta facer o mellor*. Non hai que subestimar o fiasco do que fai parte. É un equilibrio difícil de atopar.

Cada vez que Alice fala co alcalde el atópase entre dúas reunións, nunha viaxe, no corredor... sempre en movemento.

Paréceme interesante desde o punto de vista plástico e narrativo que Alice non ocupe ningún lugar no emprego do tempo do alcalde. Ela deslízase polos corredores e iso permitiame variar as localizacións. Tamén quería filmar discursos políticos de todo tipo: técnico, retórica lírica, negociacións, escrito... Ao comezo o alcalde recita un discurso e ao remate do filme le un texto escrito. O filme tenta ofrecer variacións arredor de todas as formas da palabra política.

Publicado en alfapictures.com
Tradución: Xan Gómez Viñas

O director

Nicolas Pariser (París, 1974) chega ao cinema tras estudar dereito, filosofía e historia da arte. Debuta en 2008 coa curta *Le jour où Ségolène a gagné*, que segue unha activista socialista o día da elección de Nicolas Sarkozy. En 2010 asina a mediametraxe *La République* co que consegue o premio Jean Vigo. Coa súa primeira longa, *El gran juego*, consegue o premio Louis Delluc ao mellor debut no Festival de Locarno. Coa súa segunda longa, *Os consellos de Alice*, chega ao Festival de Cannes onde foi seleccionada na Quincena dos Realizadores.

ANA XA TEN O SEU ABONO

E ti, a que
agardas para
abonarte?

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

